



O encontro desenvolveuse no edificio virtual de R e do Grupo Euskaltel “The Tech Experience”, lugar de reflexión sobre o universo dixital e oportunidades para os negocios.

R clausura unha ‘feira’ profesional virtual para asesorar as empresas sobre tendencias e infraestruturas TIC

- *Expertas e expertos de Fortinet, VMware, Cisco, Microsoft e Citrix mantiveron, dende o luns e ata hoxe, encontros en liña interactivos con responsables de empresas para abordar temas como a seguridade para a transformación dixital, as comunicacións converxentes ou a experiencia de usuario.*
- *En cada unha das xornadas da “Semana das tendencias TIC do futuro: unha sesión, unha solución, unha tendencia”, un/unha experto/a achegou a súa visión estratéxica para a toma de decisións e adiantou algún dos retos tecnolóxicos da presente década e das que están por vir.*
- *Durante as cinco xornadas sumáronse ás sesións dos/das especialistas preto dun centenar de profesionais e responsables de compañías diversas, que puideron participar activamente expondo as súas dúbidas e inquietudes sobre a realidade da empresa dixital.*
- *R continúa acompañando as empresas galegas nos seus procesos de dixitalización para que sigan sendo competitivas a todos os niveis e en calquera escenario do mundo.*

Venres, 11 de xuño de 2021.- Arredor dun cento de profesionais e altos cargos de empresas participaron na “Semana das tendencias TIC do futuro” que R organizou, xunto ás grandes compañías convidadas, e que se clausurou esta mañá tras cinco xornadas de actividade.

Pilotaron as sesións algúns/algunhas dos/das máis destacados/as especialistas dun quinteto de empresas líderes en tecnoloxía a nivel mundial: **Fortinet, VMware, Cisco, Microsoft e Citrix.**

Cada unha delas analizou algún aspecto do futuro das infraestruturas TIC e as principais tendencias que están a marcar os novos tempos; ofrecéronse visións estratéxicas para a toma de decisións na contorna empresarial e, paralelamente, adiantáronse solucións a algún dos retos derivados do proceso de dixitalización das empresas.

Postos virtuais para as empresas clientas de R

Eses cinco grandes 'actores' a nivel mundial das Tecnoloxías da Información puideron explicar, de primeira man, dende o seu posto no edificio virtual [The Tech Experience](#), os retos que están por vir e onde están a facer eles os seus principais esforzos e desenvolvementos.

O formato, unha feira virtual onde se realiza unha viaxe automática a través do edificio ata chegar ao posto do fabricante que lle interesa ao/á profesional visitante; posteriormente, este/a pode quedar neste espazo para coñecer outros postos ou zonas. R optou, desta volta, por un formato virtual que leva ao límite o concepto de axilidade e fluidez das intervencións -sesións rápidas duns 30 minutos- articulando módulos didácticos interactivos, moi dinámicos, onde os participantes interactúan coas súas consultas e achegas.

Da transformación dixital e o traballo híbrido á seguridade e a converxencia

Fortinet abriu a “*Semana das tendencias...*” o luns 7 co referente temático da **seguridade para a transformación dixital**. Javier Carranza, *Sales Team Leader* de Fortinet, expuxo, durante a súa intervención, a mellor forma de deseñar unha estratexia de protección de ameazas, un verdadeiro alicerce da transformación dixital: “*A dixitalización vén acompañada dun incremento da vulnerabilidade. En Fortinet creamos un marco de traballo para a protección de ameazas, baseado na integración e a automatización das solucións de ciberseguridade dirixidas a protexer os diferentes vectores de ataque*”.

Carlos Sen, Arquitecto de Solucións para Provedores de *cloud* de **VMware Iberia** centrouse nas **tendencias en infraestruturas para negocios dixitais** e ofreceu as claves á hora de incorporar capacidades tecnolóxicas críticas para a estratexia dixital da empresa, minimizando riscos e investimento. Sen apuntou que “*as innovacións tecnolóxicas expándense a un ritmo sen precedentes e as empresas deben incorporalas en calquera momento para diferenciarse no mercado*.” (...) **R** e o seu Grupo traballaron intensamente con VMware para lles ofrecer aos seus clientes/as unha plataforma de Infraestruturas Multicloud que permite axustar estas innovacións de forma non disruptiva en procesos nin en políticas, en modo eficiente de consumo e con flexibilidade para adaptarse ás necesidades particulares de cada empresa”.

A especialista en Seguridade de Vendas para o sur de Europa de **Cisco**, María García Inanez falou sobre **o cambio a un posto de traballo híbrido** e como fortalecer a seguridade dende calquera lugar e trasladala á nube: *“Cun 60 % de organizacións que esperan que a maioría das aplicacións estean na nube este ano e arredor do 40 % dos traballadores remotos, a forza de traballo híbrida necesita protección e rendemento alí onde se acceda a Internet ou ás aplicacións cloud.”*
(...) *“A arquitectura SASE de Cisco integra múltiples funcións de seguridade, rede e visibilidade nunha única oferta, conectando de forma segura a calquera usuario ou dispositivo con calquera aplicación en calquera lugar”.*

O portavoz de **Microsoft**, o técnico experto Nacho Sánchez-Beato, pola súa banda, dedicou o seu espazo ás comunicacións converxentes na cuarta xornada da semana. Sánchez-Beato ofreceu a visión da súa compañía sobre a **converxencia das comunicacións no posto de traballo moderno**: *“En Microsoft estamos convencidos de que a converxencia de comunicacións no posto de traballo moderno é unha realidade e unha tendencia que estamos a ver no mercado a través dos nosos clientes e “partners”. Ter todo integrado directamente nas ferramentas de colaboración e aplicacións de negocio repercute nun aumento de produtividade das persoas, permitindo unha grande eficiencia e maior rapidez.*

Por último, esta mesma mañá, **Citrix** clausurou a “Semana das tendencias...” coa intervención de Carlos Moliner, *Field Sales Manager* da compañía, que focalizou a súa achega no **espazo de traballo e a experiencia de usuario** e analizou as necesidades para mellorar esa experiencia e aumentar a produtividade nunha contorna completamente segura: *“En Citrix ofrecemos sempre a mellor experiencia en calquera espazo de traballo. Un acceso sinxelo a todas as ferramentas e datos, sen necesidade de procesos complicados de conexión, identificación ou uso. Un único punto onde teña todo o que preciso de xeito seguro, flexible e que permita desenvolver a actividade profesional cun considerable aumento da produtividade.”*

Co lema *“Unha sesión, unha solución, unha tendencia”* convidouse os/ás clientes/as de Empresa de **R** a este evento diferencial, en suma, nun momento de cambio constante e evolución tecnolóxica excepcionais. Para eles/as foi unha oportunidade de achegarse aos esforzos dos grandes fabricantes en temas como o posto de traballo do futuro con comunicacións unificadas e converxentes ou ciberseguridade ou Infraestruturas TIC para unha empresa dixital, entre outros.

A *“Semana das tendencias TIC do futuro”* que se vén de clausurar súmase ás numerosas accións de **R** como socio tecnolóxico das empresas de Galicia, que mantén inamovible o seu compromiso de acompañalas neste periplo esencial para completar e optimizar os seus respectivos procesos de dixitalización.

Para escoitar as gravacións dos relatorios, pódese acceder á zona de casetas do edificio virtual de **R**, onde están presentes todas as empresas participantes:

https://thetechexperience.mundo-r.com/es/the-tech-experience_3617#page=3630

citas

“Para a protección de ameazas en procesos de dixitalización resulta imprescindible automatizar e integrar as solucións”

Javier Carranza (Fortinet)

“É moi importante axustar as innovacións tecnolóxicas de xeito non disruptivo, en modo eficiente de consumo e con capacidade de adaptación a cada empresa”

Carlos Sen (VMware)

“A seguridade para unha contorna híbrida de traballo (en remoto, na oficina ou en ambos os dous casos), trasládase á nube, o que permite o desenvolvemento do seu negocio no seu maior potencial. Trabállase dende calquera lugar co mesmo nivel de protección e engadindo flexibilidade e escalabilidade”

María García Inanez (Cisco)

“A converxencia tecnolóxica no posto de traballo moderno sempre repercute na mellora de produtividade dos profesionais”

Nacho Sánchez-Beato (Microsoft)

“O espazo de traballo non é un lugar, é onde queira que esteas; por iso é importante contar coa tecnoloxía que che permita traballar dende calquera espazo, momento e dispositivo nunha contorna completamente flexible e segura”

Carlos Moliner (Citrix)

